

PROGRAMA
OFICIAL

A stylized, colorful illustration of the San Froilán festival. At the top, a blue Ferris wheel with orange cars is set against a blue sky with white clouds. Below it, a green roller coaster track winds through the scene. In the center, a golden crown sits atop a yellow dome. To the right, a large, ornate church with two towers is depicted. In the foreground, there are several dark brown, rounded structures resembling barrels or vats. A bridge with multiple arches spans across the bottom, with a white train on the left. The ground is green with various trees in shades of green, yellow, and orange, suggesting autumn. The overall style is flat and graphic.

SAN FROILÁN

LUGO / 3-12 outubro 2015

Festa de Interese Turístico Galego
Fiesta de Interés Turístico Nacional

ALCALDESA DE LUGO

Lara Méndez López



Lugo pode presumir de moitas cousas: unha muralla romana declarada Patrimonio Mundial, un centro histórico monumental de grande importancia, unha contorna de gran beleza paisaxística dominada polo río maior da nosa Terra –o Miño, Pastor de Ríos que dicía Aquilino Iglesia Alvariño. Gran encrucillada de camiños dende a época romana e aínda antes, este ano tivemos ademais a grande satisfacción de que a UNESCO inscribira tamén o Camiño Primitivo, e con el a nosa catedral, na lista do Patrimonio Mundial, de maneira que a nosa cidade recibe por segunda vez tan prestixioso recoñecemento.

Pero ademais da nosa historia e do noso patrimonio, hai outra cousa que singulariza Lugo entre todas as cidades de Galicia: as festas do San Froilán, que Álvaro Cunqueiro definiu para sempre como “as máis fermosas do outono galaico”. Mais por que só do outono? En moitos aspectos, as do San Froilán son as festas galegas máis fermosas en absoluto, polo seu fondo

carácter popular, polo seu saíbo tradicional e ao mesmo tempo moderno, pola maneira especial que teñen de estar integradas na propia cidade, non como un acontecemento exterior senón como parte fundamental do seu ser máis íntimo.

Teño a honra de saudar por primeira vez como alcaldesa estas festas que son tamén parte de min, parte da miña memoria persoal. Saúdo os veciños e as veciñas de Lugo, que vivimos estes días con alegría, co pracer da diversión e da hospitalidade. Saúdo as persoas, milleiros e milleiros, que nos visitarán nestes días especiais. Saúdo os artistas que amenizarán as festas e as persoas que veñen “facer a feira” no noso feiral, sen as cales o San Froilán non sería posible. E saúdo moi especialmente as ducias e ducias de persoas que na parte técnica e organizativa traballarán para que todos nós poidamos gozar dunhas festas recoñecidas en toda Galicia, e moi lonxe fóra dela, como un dos grandes acontecementos lúdicos do ano.

**SAN
FROILÁN
2015**

CONCELLEIRA DE CULTURA

Carmen Basadre Vázquez



**SAN
FROILÁN
2015**

Un ano máis, despois de moitas voltas e moito traballo, presentamos o programa das festas do San Froilán de Lugo, que durante uns días de outono –e oxalá non chova!– servirán para espaxemento e gozo da cidadanía e atraerán á nosa cidade un río de xente que nos fará felices coa súa presenza.

Todos os anos intentamos que o programa teña variedade, que haxa cousas para o gusto de todas as persoas e de todas as idades. Para conseguilo estamos sempre pensando na tradición, pero tamén na novidade, porque a tradición sen novidades pode acabar sendo unha cousa morta, e as novidades sen tradición poden ser unha cousa fría que non nos satisfaga o corazón.

Dous aspectos me parecen destacables nas festas deste ano. Por unha banda, hai unha considerable presenza de grupos musicais e artistas lucenses e de toda Galicia, cunha atención especial ás músicas tradicionais, pero naturalmente sen esquecermos os outros estilos musicais. E por outra banda, parécenos que avanzamos considerablemente

cara á igualdade de xéneros tamén na selección de artistas que presentamos. Cousa esta, por certo, cada vez máis doada, pois tamén é verdade que as mulleres avanzamos cada vez máis na conquista dos espazos prestixiosos da actividade pública nas artes, nas ciencias, na política, en todos os eidos que antes nos estaban vedados.

As festas do San Froilán son hoxe máis ca nada festas, pero teñen tamén o seu aspecto, tan tradicional, de feira, que intentamos recuperar e potenciar. Neste sentido, coidamos que este ano será o da consolidación de GASTROARTE, que se celebra por segunda vez, esperando que aumente aínda o seu éxito.

Música, teatro, maxia, animación de rúa, actividades para público infantil, polbo, barracas, feira gastronómica e artesanal, actividades culturais, o traxe tradicional, a ofrenda a Rosalía... As festas do San Froilán continúan, viven, medran, cambian e permanecen como un dos grandes acontecementos populares do ano galego.

**FOLIADA DO
COLECTIVO
A.L.A.S**

**02 DE OUTUBRO
ÁS 22.30 H.
NA PRAZA
DA SOIDADE**



**NOCHE
ABIERTA /
NOITE
ABERTA /
OPEN
NIGHT**

**02 DE
OUTUBRO
DE 2015**



Desde as 17.00 ás 23.00 h. os establecementos que participan no evento vestiranse de gala para recibirnos con grandes descontos e sorpresas. Tamén haberá animación polas rúas comerciais máis emblemáticas da cidade.

NA PRAZA MAIOR:

a partir das 17.00 h.

**ANIMACIÓN DA PRAZA
CON MÚSICA E ARTISTAS
DE RÚA**

de 18.00 a 20.00 h.

GRAN DESFILE DE MODA

ás 23.00 h.

**ESPECTACULAR
FIN DE FESTA**

co peche dos comercios

A red promotional poster for a concert by Juan Magan. The poster features a man in a shiny, sequined jacket. Text includes the date 'SÁBADO 10 OUTUBRO', the artist's name 'JUAN MAGAN', and the venue 'PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS'. It also lists social media handles and ticket prices.

**SÁBADO
10
OUTUBRO**

**JUAN
MAGAN**

EN CONCERTO
APRIL 2015 2015 22.30H

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS

AV. DOS DEPORTES S/N
27004 (LUGO)

Concello de Lugo

FACEBOOK.COM/JUANMAGAN
TWITTER.COM/JUANMAGAN
INSTAGRAM/JUANMAGAN
WWW.JUANMAGAN.ES

+ PAOLO DUMORE + MARCOS MAGAN

ENTRADA ANTICIPADA
EVENDA EN CORREOS: 12 € + GASTOS
ENTRADA TAQUILLA: 16 €

CORREOS

ESPECTÁCULO PÚBLICO

aa
lugo
asociación autónoma

03 SÁBADO

San Froilán 2015

11.00 h.

Inauguración Gastroarte
na Avda Ramón Ferreiro.
Actuación de Simón Piñón.

11.30 h.

Os Campeiros de San Xoán do Campo, zona peonil da ronda da Muralla.

12.00 h.

VII Desfile de Gando San Froilán. Percorrido: tramo peonil da ronda da Muralla, praza da Constitución, Campo Castelo, praza Maior e Bispo Aguirre. Grupo acompañante "Os Campeiros de San Xoán do Campo"

12.00 h.

Actuación Charanga **Paradela** polo Barrio da Ponte.

13.00 h.

Pasarrúas de **Batería da Unidade** (Escola Perkusional) pola zona dos viños.

13.15 h.

Sesión vermú **Batital** na praza de Santa María.

17.00 - 19.00 h.

Xogos tradicionais de Xotramu no patio do Seminario.

19.00 h.

Actuación do mago **Rafa** "Historias dun ilusionista" no patio do Seminario.

VII DESFILE DE GANDO

12.00 h.
Praza Maior



ANIMACIÓN DE RÚA

Durante todas as festas polo recinto histórico e barrios da cidade




XOGOS TRADICIONAIS

17.00 - 19.00 h.
Patio do Seminario



MAGO RAFA

19.00 h.
Patio do Seminario



03 SÁBADO

San Froilán 2015

19.00 h.

Pasarrúas de **Batería da Unidade** (Escola Perkusiona) polo recinto histórico.

20.00 h.

Pregón a cargo do escritor **Darío Xohán Cabana**, na Casa do Concello.

20.30 h.

Os Pelúdez entre nós, no pregón.

21.00 h.

Concerto presentación do primeiro disco da **Banda Filarmónica de Lugo** no Círculo das Artes.

21.00 h.

Marcos Pin presenta o seu disco **Duologo "Take a second"**, na praza da Milagrosa.

21.30 h.

Concerto de **Los Chikos del Maíz** na praza Horta do Seminario.

22.00 h.

Estrea do Vídeo mapping "**O camiño de Froilán**" sobre a fachada do Concello.

22.00 h.

Concerto de **Annie B Sweet** na praza Santa María.

23.30 h.

Actuación de **Antílopez** na praza de Santa María.

00.00 h.

Pasarrúas dos **Festicultores** pola zona dos viños.


PREGÓN DARÍO XOHÁN CABANA

20.00 h.
Casa do Concello



LOS CHIKOS DEL MAÍZ

21.30 h.
Praza Horta do Seminario



ANNIE B SWEET

22.00 h.
Praza de Santa María



04 DOMINGO

San Froilán 2015

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 20.00 h.

11.00 - 13.00 h.

Ludoteca de auga no patio do Seminario.

12.00 h.

Asociación cultural **Bolboreta Fiandeira**. Artesanía e música tradicional, na praza Maior.

12.30 h.

Pasarrúas de **Batería da Unidade** (Escola Perkusiona) pola rúa Aguirre e Avda Ramón Ferreiro (Feira Gastroarte) e Pascual Veiga.

13.00 h.

Concerto para público familiar de **The Pinker Tones** "Rolf & Flor no Círculo Polar" no patio do Seminario.

13.00 h.

Charanga **Arde Yu-ku** por zona Montirón, Sanfiz e praza das Illas.

13.15 h.

Sesión vermú **Batital** na praza da Soidade.

13.30 h.

Pasarrúas de **Os Xílgaros de Lugo** polo recinto histórico (Campo Castelo, San Pedro, Raíña, Quiroga Ballesteros).

17.00 - 19.00 h.

Ludoteca de auga no patio do Seminario.

18.00 h.

Pasarrúas de **Batería da Unidade** (Escola Perkusiona) pola porta San Pedro, praza do Cantiño, Campo Castelo e praza da Constitución.

18.00 h.

Actuación de **A Volta do Agro** na praza Maior.

19.00 h.

Concerto de **Airiños de Orbazai** na praza de Santa María.



THE PINKER TONES

13.00 h.
Patio do Seminario



BATITAL

13.15 h.
Praza da Soidade



RECINTO FEIRAL

Do 02 ao 12 de outubro

04 DOMINGO

San Froilán 2015

19.00 h.

Actuación de **Star Dance** no patio do Seminario.

20.00 h.

Pasarrúas da charanga **Excusa**, polo casco histórico e a zona dos viños.

20.00 h.

Verbena coa orquestra **Breixa Band** na praza Maior.

20.30 h.

Pasarrúas de **Airiños do Neira** polo Campo Castelo.

21.30 h.

Concerto de **Kiko Veneno** na praza Horta do Seminario.

22.00 h.

Concerto **Dani Wilde** na praza de Santa María.

22.00 h.

Pasarrúas da **Charanga Trastiños** pola zona dos viños e praza da Soidade.

23.00 h.

Verbena coa orquestra **La Fórmula** praza de Bretaña.

23.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta** na praza da Soidade.



LA FÓRMULA

23.00 h.
Praza de Bretaña



DANI WILDE

22.00 h.
Praza de Santa María



KIKO VENENO

21.30 h.
Praza Horta do Seminario

05 LUNS

(Día de San Froilán)

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 20.00 h.

11.00 - 13.00 h.

Ludoteca de auga no patio do Seminario.

12.00 h.

Ofrenda da Corporación a San Froilán, na Catedral de Lugo.

12.00 h.

Asociación cultural **Bolboreta Fiandeira**. Artesanía e música tradicional, na praza Maior.

13.00 h.

Actuación de **Ritmo Lugo** no patio do Seminario.

13.00 h.

Actuación de **Airiños de Orbazai** na feira Gastroarte.

13.00 h.

Os Pelúdez entre nós pola praza Maior e o recinto feiral.

13.15 h.

Concerto de **Vaamonde, Lamas e Romero**, coa **Banda Municipal de Lugo**, na praza de Santa María.

13.30 h.

Actuación da charanga **Os amigos de Manolo** polo recinto histórico.

17.00 h.

Concerto **Banda Filarmónica de Lugo** na praza Maior.

17.00 - 19.00 h.

Ludoteca de auga no patio do Seminario.

18.00 h.

Discoteca móbil da **Duendeneta "Sesión de tarde de karaoke infantil"** na praza da Soidade.

19.00 h.

Actuación da **Gramola Gominola** no patio do Seminario.



OS PELÚDEZ ENTRE NÓS

13.00 h.
Praza Maior
e recinto feiral



CASSETAS DO POLBO

Do 01 de outubro ao 01 de novembro
Parque Rosalía de Castro



GRAMOLA GOMINOLA

19.00 h.
Patio do Seminario

05 LUNS

(Día de San Froilán)

19.30 h.

Actuación de **Arrincadeira**, con **cabezudos**, na praza Maior.

20.00 h.

Pasarrúas **Devandoira**, Escola de Gaitas na praza da Soidade, rúa da Raíña e distintas zonas do centro.

20.00 h.

Concerto de **Riobó** e **Treixadura** co coro **Cantigas e Agarimos**, na praza Horta do Seminario.

21.00 h.

Pasarrúas de **Folquiada** pola praza Maior e a zona dos viños.

21.30 h.

Concerto de **Jotinho´s**. Bossa Nova na praza de Santa María.

23.15 h.

Fogos artificiais, coa **pirotecnia Astariz**. Rúa Poeta Noriega Varela.

23.15 h.

Concerto de **The Pie Lands** no patio do Seminario.

23.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta** na praza da Soidade.

23.30 h.

Verbena coa orquestra **Compostela** na praza Maior.

FOGOS ARTIFICIAIS

23.15 h.
Rúa Poeta Noriega Varela

RIOBÓ

20.00 h.

TREIXADURA CO CORO CANTIGAS E AGARIMOS

21.30 h.

Praza Horta do Seminario

DUENDENETA

23.30 h.
Praza da Soidade

06 MARTES

(Día dos maiores)

12.30 h.

Concerto da **Banda Municipal de Lugo** (repertorio de zarzuela) no quiosco da praza Maior.

17.00 - 19.00 h.

Xogos de **globoflexia** con **Enigma** no patio do Seminario.

18.00 h.

Verbena coa orquestra **Acordes** na praza Maior.

19.00 h.

Os **Pelúdez entre nós** na verbena da praza Maior.

19.00 h.

Actuación de **La Granja Show Infantil** no patio do Seminario.

19.00 h.

Pasarrúas **Os Campeiros de San Xoán** pola zona dos viños.

20.00 h.

Concerto de **Milesios** na praza de Santa María.

21.30 h.

Concerto de **Foolmakers** no patio do Seminario.

23.00 h.

Concerto de **Liviao de Marrao** na praza de Santa María.



BANDA MUNICIPAL DE LUGO

12.30 h.
Quiosco da praza Maior



ORQUESTRA ACORDES

18.00 h.
Praza Maior



LIVIAO DE MARRAO

23.00 h.
Praza de Santa María

07 MÉRCORES

San Froilán 2015

17.00 - 20.00 h.

Festa xogueteira da asoc. socio-educativa Antonio Gandoy, para nenas e nenos menores de 6 anos, no patio do Seminario.

18.00 h.

Letra das festas (2015) "Lembranza de Catástrofes e desastres naturais en Lugo e provincia" Revista Oral no Círculo das Artes. Lembranzas de profesionais e persoas que a título individual puidesen achegar unha historia catastrófica, Organizada pola Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

20.00 h.

Presentación do nº 12 da Colección San Froilán dos Devanceiros no Salón de Sesións do Concello.

20.00 h.

Pasarrúas de Cantareiros de As Regas pola zona dos viños.

21.00 h.

Concerto de Uxía + Narf na praza de Santa María.

21.30 h.

Concerto de D3 Funk (Jazz) e Baker´s Gang (Blues) no patio do Seminario.

22.30 h.

Verbena coa orquestra Tango na praza Maior.

FESTA XOGUETEIRA

17.00 - 20.00 h.
Patio do Seminario



UXÍA + NARF

21.00 h.
Praza de Santa María



VERBENA

22.30 h.
Praza Maior

08 XOVES

San Froilán 2015

12.00 h.

Entrega de premios do Concurso de tapas no Salón de Plenos do Concello de Lugo.

17.00 - 19.00 h.

Xogos tradicionais e animación con **Mundo Xogo** e malabares, humor e fantasía con **Xogos Mahumfa**, a cargo de **Ogmios Galicia** no patio do Seminario.

19.00 - 21.00 h.

Concerto "Música no camiño Primitivo" cos cantautores **David Prado** e **Vizcaíno** na praza Maior.

19.00 h.

Actuación de **Simón Piñón** "Concerto bucólico" no patio do Seminario.

20.00 h.

II Concurso de polbeiras e polbeiros San Froilán e degustación no Mercado Municipal.

20.00 h.

Concerto **DJ Frisco & Marcos Peón** na praza Horta do Seminario.

20.30 h.

Gala do Deporte Lucense no Auditorio Municipal **Gustavo Freire**.

21.00 h.

Concerto de **Carlos Jean** na praza Horta do Seminario.

21.00 h.

Pasarrúas da **Charanga Malo Será** pola praza Maior e Campo Castelo.

22.00 h.

Concerto de **Conducto Coloquio** e **Banda Ancha**. no patio do Seminario.

22.30 h.

Pasarrúas da **Charanga Malo Será** pola zona dos viños.

23.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta** na praza da Soidade.

MÚSICA NO CAMIÑO PRIMITIVO

19.00 - 21.00 h.
Praza Maior



DJ FRISCO & MARCOS PEÓN

20.00 h.
Praza Horta do Seminario



CARLOS JEAN

21.00 h.
Praza Horta do Seminario

09 VENRES

San Froilán 2015

17.00 - 01.30 h.

Inicio do **X Sanfroidance**
no patio do Seminario.

Sisters in the house (20.00 h.),

Mounqup (21.30 h.),

DJ Ches (23.00 h.).

Talleres:

Breakdance. Impartido por
Bboy Pablo (17.00 a 17.45 h.)

Beatbox. Impartido por
Davbeat (17.45 a 18.30 h.)

Dj. Impartido por Dj Cro
(18.30 a 19.15 h.)

www.sanfroidance.com

18.00 h.

Discoteca móbil da **Duendeneta**
"Sesión de tarde de karaoke
infantil" no Campo Castelo.

18.00 h.

Concerto de **Fábrica de
Sons**, escola de música
na praza da Soidade.

18.00 h.

Presentación do libro
"Paseando con Paulo"
Cristina Corral Soilán
na Casa do Concello.

19.00 h.

Concertos de **Mythical Fail**,
Rockatansky Brothers,
Crazy Breed, **Zootropa**,
Lastway e **Kalte Sonne**
da Asociación Lugo Rock,
na praza de Santa María.

PRESENTACIÓN DO LIBRO "PASEANDO CON PAULO"

18.00 h.
Casa do Concello



SISTERS IN THE HOUSE X SANFROIDANCE

20.00 h.
Patio do Seminario



LUGO ROCK

19.00 h.
Praza de Santa María

09 VENRES

San Froilán 2015

20.30 h.

Pasarrúas de **Reviravolta**
pola zona dos viños.

21.30 h.

Concerto de **M-Clan** na
praza Horta do Seminario.

21.30 h.

Pasarrúas de **Caivanca**
pola praza Maior, Campo
Castelo e zona dos viños.

23.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta**
na praza da Soidade.

23.30 h.

Verbena coa orquestra
El Combo Dominicano na
praza de Augas Férreas.



EL COMBO DOMINICANO

23.30 h.
Praza de Augas Férreas



M-CLAN

21.30 h.
Praza Horta do Seminario

10 SÁBADO

(Día do Ferrol)

11.00 - 13.00 h.

Garabato de Xogos no patio do Seminario.

11.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro ata as 13.30 h. (En caso de chuvia, na carpa da praza da Soidade).

12.00 h.

Pasarrúas de **Batería da Unidade** (Escola Perkusiona) na praza Maior e recinto histórico.

12.30 h.

Recepción oficial á **Corporación do Concello de Ferrol** na Casa do Concello.

12.30 h.

Pasarrúas de **Andaina** pola zona de Fonte dos Ranchos, zona Residencia, e Lamas de Prado.

13.00 h.

Conto musical da **Orquestra dos Sete Mares + Decontos "Pedro e o Lobo"** na praza de Santa María.

17.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, no parque Rosalía de Castro ata as 21.00 h. (En caso de chuvia, na carpa da praza da Soidade).

17.00 - 19.00 h.

Garabato de Xogos no patio do Seminario.

18.00 h.

XIII Festival de Cultura Tradicional, organizado pola Asoc. Cultural Cantigas e Frores, na praza de Santa María. Participarán os seguintes grupos: **Asociación Cultural "Cántigas e Frores"**, de Lugo. **Asociación Cultural "La Trébede"**, de Valladolid. **Grupo de "Coros e Danzas Mancha Verde"**, de Argamasilla de Alba, Ciudad Real.

AURYN

20.30 h.

Praza Horta do Seminario



10 SÁBADO

(Día do Ferrol)

19.00 h.

Verbena coa orquestra
Solara na praza Maior.

20.30 h.

Concerto de **Auryn** na praza
Horta do Seminario.

20.30 h.

Pasarrúas de **Batería da
Unidade** (Escola Perkusiona)
na zona de Camiño Real,
Milagrosa e Avda da Coruña.

20.30 h.

Pasarrúas de **Pelexo de
Ghaita** pola zona dos viños.

21.00 h.

Pasarrúas da **Charanga
Madialeva** polo recinto
histórico e arredores.

21.00 h.

Os **Pelúdez entre nós**
pola zona dos viños.

21.30 h.

Concerto **West Side
Bones** e **La penúltima** no
patio do Seminario.

22.00 h.

Concerto do grupo **Arrhythmia**
na praza de Santa María.

23.15 h.

Concerto de **Siniestro Total**
na praza de Santa María.

00.30 h.

Pasarrúas de **Pelexo de
Ghaita** pola zona dos viños.

00.30 h.

Verbena coa orquestra
Solara na praza Maior.

ARRHYTHMIA

22.00 h.
Praza de Santa María



SINIESTRO TOTAL

23.15 h.
Praza de Santa María

11 DOMINGO

(Domingo das mozas. Día do traxe tradicional galego)

10.00 h.

Ruta do traxe tradicional galego.

Paseo por Lugo visitando os lugares tradicionais das festas e as casetas do polbo. Saída: Ronda peonil da muralla.

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 20.00 h.

11.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación Corazóns Artesáns no parque Rosalía de Castro ata as 13.30 h. (En caso de chuvia, na carpa da praza da Soidade).

11.00 - 13.00 h.

Garabato de Xogos no patio do Seminario.

11.30 h. e 17.30 h.

XVII Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas, coa Asociación de Gaiteiros Galegos, polo recinto histórico. Participantes: **Airiños da Freba** (Lugo), **Encantiños do Ulla**, **Lestedo**, **Boqueixón** (A Coruña), **Estiño**, **Allariz** (Ourense), **Os Mecos**

do Grove, **O Grove** (Pontevedra), **Os Viqueiras de Ordes**, **Ordes** (A Coruña), **Eudemónicas** (Lugo), **Folieiros de Lavadores**, **Lavadores**, **Vigo** (Pontevedra), **Grupo de gaitas Frouma**, **Oleiros** (A Coruña), **Tornaxeira**, **Comarca de Valdeorras** (Ourense), **Tumba e Dalle**, **Barreiros** (Lugo), **Os Campantes da Baña**, **A Baña** (A Coruña), **Pandereteiros de O Fiadeiro**, **Vigo** (Pontevedra), **Os Sin Son Gaiteiros**, **Silleda** (Pontevedra).

12.00 h.

Asociación cultural **Bolboreta Fiandeira**. Artesanía e música tradicional, na praza Maior.

12.00 h.

Recepción na casa do Concello aos **Amigos do Traxe Galego**, de Santiago. Paseo e exhibición ata o parque Rosalía de Castro.

12.30 h.

Ofrenda floral a **Rosalía de Castro** a cargo da periodista **Tonina Gay**.

12.30 h.

Pasarrúas da **Charanga Paradela** pola zona de **Fontiñas** e barrio do **Sagrado Corazón**.



AMIGOS DO TRAXE GALEGO

12.00 h.
Casa do Concello



OFRENDA FLORAL A ROSALÍA DE CASTRO

12.30 h.
Parque Rosalía de Castro

11 DOMINGO

(Domingo das mozas. Día do traxe tradicional galego)

13.00 h.

Concerto didáctico da **Ensemble Lugo Classic** “Aprendendo a escoitar” no patio do Seminario.

13.00 h.

Concerto da **Banda Municipal de Lugo** no quiosco da praza Maior.

13.45 h.

Sesión vermú cos **Festicultores** na praza do Campo.

17.00 h.

O San Froilán Tecedeiro. Ata as 21.00 h. No parque Rosalía de Castro (En caso de chuvia, na carpa da praza da Soidade).

17.00 - 19.00 h.

Garabato de Xogos no patio do Seminario.

17.30 h.

XVII Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas.

19.00 h.

Actuación de monicreques de fío e mesa con **Seisdedos “Varietés”** no patio do Seminario.

20.00 h.

Concerto **Luar na Lubre** na praza Horta do Seminario.

20.00 h.

Pasarrúas da Asoc. Cultural de Gaiteiros “**Os Valuros**” pola rúa Nova, praza da Soidade e zona dos viños.

21.00 h.

Pasarrúas dos **Estoupacaldeiros** pola zona do Campo Castelo e arredores.

21.30 h.

Concerto de **Flavia Coelho** na praza de Santa María.

22.30 h.

Concerto de **Verano Tassoti** presenta o seu novo disco no patio do Seminario.

23.00 h.

Verbena coa orquestra **Trébol** na praza Maior.

00.00 h.

Pasarrúas dos **Estoupacaldeiros** pola zona dos viños.



LUAR NA LUBRE

20.00 h.
Praza Horta do Seminario



FLAVIA COELHO

21.30 h.
Praza de Santa María

12 LUNS

San Froilán 2015

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 20.00 h.

11.00 h.

Inauguración da **Feria Medieval** na praza Pío XII: **Misa en latín** cantada polo **Orfeón Lucense** dirixido por Marcos Fernández Mosquera na Capela de San Froilán da Catedral. (11.30 h.), cantares de cego a cargo de **Mini e Mero** (12.00 h.), concerto de **música medieval** (13.30 h. e ás 18.00 h.), exhibición de **cetrería** (19.00 h.), **queimada** (20.30 h.) e peche ás 22.00 h.

11.00 - 13.00 h.

Garabato de Xogos no patio do Seminario.

12.00 h.

Asociación cultural **Bolboreta Fiandeira**. Artesanía e música tradicional, na praza Maior.

12.00 h.

Escolas municipais de música de Rábade e Begonte na praza do Campo Castelo.

13.00 h.

Historias musicadas por **Olga Cuervo e David Varela** "Axuntábanse..." no patio do Seminario.

13.30 h.

Sesión vermú coa orquestra **Costa Dorada** na praza Maior.

17.00 - 18.30 h.

Garabato de Xogos no patio do Seminario.

18.30 h.

Pasarrúas **Devandoira**, Escola de Gaitas pola praza Maior.

18.30 h.

Actuación de pequeno circo con **Isla le Triska** "Inmobile" no patio do Seminario.

19.30 h.

Concertos de **Bristol, Galiryon, Trashnos e Barbarian Prophecies** da Asociación Lugo Rock, no patio do Seminario.

21.30 h.

Concerto de **Delorean** na praza Horta do Seminario.

21.30 h.

Verbena coa orquestra **Costa Dorada** na praza Maior.

FEIRA MEDIEVAL

11.00 h.
Praza Pío XII

DELOREAN

21.30 h.
Praza Horta do Seminario

SAN FROILÁN 2015

DEPORTES

26 SETEMBRO

Tenis de mesa

10.00 h. VI Torneo internacional San Froilán Cidade de Lugo
Pista municipal de tenis cuberta de Frigsa

Piragüismo

11.00 h. X Descenso recreativo do Miño para veteranos
Club fluvial de Lugo

Ciclismo

16.00 h. XV Criterium Ciclista San Froilán
Circuíto Avda Ramón Ferreiro

Tiro con arco

16.00 h. IX Trofeo San Froilán de Tiro con Arco
Polideportivo Daniel Cordido (Piringalla)

27 SETEMBRO

BTT

09.00 h. XVI Marcha cicloturista San Froilán

DO 01 AO 04 OUTUBRO

Pádel

10.00 h. XIV Open de Pádel trofeo San Froilán
Club Pádel Hotel Santiago

02 OUTUBRO

Baloncesto

20.45 h. Partido: Actel Forza Lleida Vs. Cafés Candelas Breogán
Pazo Universitario de Deportes

DO 02 AO 03 OUTUBRO

Squash

10.00 h. VII Torneo San Froilán de Squash
Pazo Provincial dos Deportes

03 OUTUBRO

Rugby

16.00 h. XIV Torneo San Froilán de Rugby
Pistas de Atletismo Gregorio Pérez Rivera

Dardos

16.00 h. VII Open de Dardos San Froilán
Pool Bar Tiempos Modernos

Voléibol

20.00 h. Superliga Masculina Emeve - Fc Barcelona
Pavillón Municipal

03, 07 E 10 OUTUBRO

Béisbol

VII Torneo San Froilán de béisbol de veteranos e infantís
Campo Municipal Germán López Díaz (O Ceao)
[Días 3 e 10: ás 11.00 h. veteranos; ás 16.00 h. infantís]
[Día 7: ás 17.00 h. veteranos]

DO 03 AO 10 OUTUBRO

Hóckey

09.00 h. XVIII Torneo Hóckey liña Cidade de Lugo San Froilán
Polideportivo Daniel Cordido (Piringalla)

04 OUTUBRO

Golf

09.00 h. XIX Torneo San Froilán de Golf
Campo de Golf de Lugo

Voléibol

12.00 h. Superliga Masculina Emeve - Xátiva Voleibol
Pavillón Municipal

Judo

18.00 h. XLI Torneo Judo San Froilán
Polideportivo Casa do Deportes

DO 05 AO 11 DE OUTUBRO

Tenis

10.00 h. XIII Torneo San Froilán de Tenis
Pista municipal de tenis cuberta de Frigsa

08 OUTUBRO

Gala Deporte

20.30 h. IX Entrega Premios Deporte Lucense El Progreso
Auditorio Gustavo Freire

09 OUTUBRO

Boxeo

21.00 h. Velada Boxeo San Froilán 2015
Polideportivo O Pombal Organiza
Boxing Club Cidade de Lugo

DO 09 AO 11 OUTUBRO

Tenis

10.00 h. Cpto. España Tenis Silla de Ruedas por Autonomías
Pista municipal de tenis de Frigsa

DO 09 AO 12 OUTUBRO

Billar

16.00 h. XIV Open San Froilán Billar Pool Bola 8
Pool Bar Tiempos Modernos

10 OUTUBRO

Pesca

10.00 h. XI Concurso Pesca Ciprínidos San Froilán
Club Fluvial de Lugo

Fútbol

21.00 h. V copa San Froilán de Fútbol -7 +35 anos
Campo municipal da Cheda

11 OUTUBRO

Tiro Pistola 9 mm.

10.00 h. XXII Trofeo San Froilán Tiro Pistola 9 mm.
Real Aero Club de Lugo

Esgrima-espada

09.00 h. VIII Torneo San Froilán Ránking Espada
Sala Esgrima Pavillón Municipal

12 OUTUBRO

Futbolín

16.00 h. V Open San Froilán de Futbolín
Pool Bar Tiempos Modernos

Museos Municipais

- CIM
- Casa dos Mosaicos
- Centro Arqueolóxico San Roque
- Domus do Mitreo
- MIHL
- Sala de exposicións Porta Miñá

Prolongación liñas regulares autobuses durante as festas

- 3AE** Acea da Olga / Ramil
- 4E** Tolda (Conturiz) / Abella (Casas)
- 5E** Gándaras / Campiña / Cemiterio
- 6E** Montirón / Residencia / Cheda

Sábados 03 e 10 + Domingos 04 e 11
Ata as 03.00 h. da madrugada
Luns festivos 05 e 12
Ata as 02.00 h. da madrugada

+ info: www.lugo.es/ws/transportes

Servizos especiais

Sábados 03 e 10 (de 22.00 a 03.00 h.)
Domingos 04 e 11 (de 12.00 a 03.00 h.)
Luns 05 e 12 (de 12.00 a 02.00 h.)

Servizo especial 01

Ida Celso Emilio Ferreiro (Esquina R. Ferreiro, fronte Hotel), Jacinto Calvo, S. Roque, Montero Ríos, R. Fontiñas, R. Mercedes, Paseo dos Estudantes (Polígono inmediacións Policía Local) Rúa Fonte da Bica, Pablo Iglesias, Avda. Carvalho Calero, Estrada da Granxa, Alfonso X (Rotonda) e Campos Novos.

Volta Campos Novos, Avda. Alfonso X o Sabio, Agro da Torna, Avda. de Magoi, Pintor Corredoira e Celso Emilio Ferreiro (esquina R. Ferreiro) fronte Hotel.

Frecuencia cada 30 min.

Servizo especial 02

Ida Celso Emilio Ferreiro (Esquina R. Ferreiro, fronte Hotel), Jacinto Calvo, San Roque, Ronda da Muralla fronte Sindicatos, Avda. da Coruña, Parque de Frigas, Alto de Garabotos, Avda. Paulo Fabio Máximo e Avda. Infanta Elena (As Termas).

Volta Avda. Infanta Elena (As Termas), Avda. Paulo Fabio Máximo, Alto de Garabotos, Parque de Frigas, Avda. da Coruña, Ronda da Muralla, Porta Santiago, Calle Santiago, Ronda República Argentina, Pintor Corredoira e Celso Emilio Ferreiro (esquina R. Ferreiro) fronte Hotel.

Frecuencia cada 30 min.

Puntos de interese

1. Augas Férreas
 2. Praza Horta do Seminario
 3. Patio do Seminario
 4. Praza Maior
 5. Praza de Santa María
 6. Praza da Soidade
 7. Praza do Campo Castelo
- 🚌 Estación de autobuses
 - 🚂 Estación de tren
 - P Párkings
 - i Oficina de información
 - 👮 Caseta Policía
 - 🚒 Caseta Protección Civil
 - 👤 Cambiador de cueiros



SAN FROILÁN DOS DEVANCEIROS

Novo libro da colección

A ORIXE DAS FESTAS MODERNAS E CONTEMPORÁNEAS, por Adolfo de Abel Vilela

O ano pasado a Colección *San Froilán dos Devanceiros* publicou o libro de Adolfo de Abel Vilela titulado *A orixe das feiras, das exposicións e dos concursos*. Este ano temos o pracer de presentar un novo volume do mesmo fecundo historiador lucense dedicado ás orixes das festas do San Froilán modernas e contemporáneas.

[...]

Comezan as festas contemporáneas con grande modestia, con moitas dúbidas e polémicas, como un apéndice das feiras do outono, máis ca nada para apoialas e potencialas ofrecéndolles aos feirantes unha certa cota de diversión, destinada tamén a atraer visitantes e clientes. Chama a atención, vendo estes dubidosos

e discontinuos inicios narrados neste libro, que aquelas festas chegaran a converterse nas que Cunqueiro definiu como “as máis fermosas do outono galaico”, e que hoxe son sen dúbida as máis importantes, simbólicas e singulares de toda Galicia.

Carmen Basadre Vázquez

Presentación:

Mércores 7 de outubro ás 20:00 h. no Salón de Plenos da Casa do Concello

Outros títulos da colección:

1. *Emilia Pardo Bazán en Lugo (San Froilán, 1906)*, por Javier Serrano Alonso.
2. *A chegada a Lugo do primeiro tren (San Froilán, 1875)*, por Darío Xohán Cabana.
3. *O cinematógrafo nas festas de San Froilán de Lugo (1898-1930)*, por Fernando Arribas Arias.



4. *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, por Darío Xohán Cabana.
5. *Pelúdez. O libro (1908-2008). Cen anos de sanfreiláns contados por el mesmo*, por Antonio de Cora, Juan Ramón Somoza, Purificación de Cora, Xosé Trapero Pardo e Xosé de Cora.

6. *A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán)*, por J. Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez.

7. *Lucus fulget. As festas literarias nos sanfroiláns finiseculares (1899-1901)*, por Javier Serrano Alonso.

8. *A publicidade das festas de San Froilán de Lugo: carteis e programas 1877-2011*, por Teresa Pena Moreda e Fernando Arribas Arias.

9. *Barriga Verde, Manuel María e o San Froilán*, por J. Luís Calvo.

10. *Libro de pregóns das festas do San Froilán de Lugo 1977-2012*.

11. *A orixe das festas modernas e contemporáneas*, por Adolfo de Abel Vilela.

2º CONCURSO DE POLBEIRAS/OS E DEGUSTACIÓN

Xoves, 08 de outubro ás 20.00 h.
MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

O concurso ten como obxectivo incentivar e premiar os coñecementos e habilidades das polbeiras e polbeiros profesionais do ámbito de Galicia en materia de elaboración e servizo do "Polbo á feira" e tamén como exaltación do polbo como alimento insignia do San Froilán.

Na competición por cocinar o mellor polbo do San Froilán participan un máximo de 8 profesionais. O xurado analizará o sabor, a textura e punto de cocción, o adobo e o corte e a presentación final do polbo.

Outorgaranse **dous premios**:

Primeiro premio: En metálico, dotado con **1.000 euros**.

Segundo premio: aloxamento dunha **noite para dúas persoas + almorzo + circuíto termal** no Balneario de Lugo.

A continuación haberá unha **degustación popular**. Será limitada a un máximo de 300 persoas, que deberán retirar previamente o ticket no propio mercado por importe de 1 euro ese mesmo día entre as 17.00 e as 19.30 horas.

O RECANTO DAS ARTES

Feira de Arte e Literatura
CANTIÑO NEMESIO COBREROS

No Cantiño de Nemesio Cobrerros, entre as dúas obras máis importantes deste arquitecto: O Seminario Maior e o Cárcere Vello, que se está acabando de restaurar e adaptar para centro cultural cun magnífico espazo expositivo onde as artes terán un lugar de privilexio.

Unha carpa para librerías e artistas, con obradoiros para

nenos e outras actividades. Velaquí unha novidade do San Froilán que nace con vocación de permanencia.

A cultura ponse de festa e as artes e a literatura continúan os seus infinitos camiños na cidade de Xulia Minguillón, de Blas Lourés, de Ánxel Fole, de Marica Campo.



RIBEIRA SACRA



OUTRAS ACTIVIDADES

VI FESTIBLAS

Venres 02 e sábado 03
de outubro

no Clavicémbalo
(Rúa Paxariños, 23)

Horario: 23.30 h.

Venres, día 02:

BALA + MUJERES

Sábado, día 03:

ROCKATANSKY BROTHERS
+ THE LIMBOOS

Prezo entradas: 10 euros

Bono 2 días: 15 euros

Puntos de venta de entradas:

Jazz & Beer, Ho Gruf!, Club
Clavicémbalo e www.ticketea.com

CLUBE CLAVICÉMBALO

Xoves 08 de outubro

Horario: 21.00 e 23.30 h.

Eduardo R. Cunha / Tantan.

Tantan Chapeu e invitados:

Carlos Blanco, Uxía e máis

Venres 09 de outubro

Horario: 00:00 h.

ASPERGILLUS DE COIRA (Rock)

Sábado 10 de outubro

Horario: 00:00 h.

BOOTY SWEAT (Blues)

Domingo 11 de outubro

Horario: 00.00 h.

VIRANDEIRA (Folk)

ARTE SAN FROILÁN DESTINO ARTESANÍA

Do 02 ao 12 de outubro

Horario: de 11.00 a 14.00 h.

e de 17.00 a 22.00 h.

Na praza Anxo Fernández
Gómez (detrás do Concello)

EXPOSICIÓN 100% CHARLY (J. CARLOS MARTÍNEZ VALCÁRCEL)

No MIHL

Horario:

Martes a sábado:

11.00 a 13.00 h. e 17.00 a 20.00 h.

Domingo:

17.00 a 20.00 h.

HOMENAXE A XOSÉ TRAPERO PARDO CON MOTIVO DO 20º ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO

coa emisión de espazos
radiofónicos na Cadena Ser
entre os días 03 e 12 de outubro,
ás 13.50 h.

EMISIÓN EN DIRECTO DO PROGRAMA DA RADIO GALEGA “A TARDE” DENDE O CONCELLO DE LUGO

Presenta Cristina García.

Luns 05 de outubro

De 16.00 a 19.00 h.





expolugo

mostra agrogandeira

3 e 4 outubro 2015

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO



- CONCURSO - EXPOSICIÓN DE RAZA RUBIA GALEGA "MEMORIAL LUCIANO SÁNCHEZ"
- CURSO DE XUÍCES RUBIA GALEGA 2015
- ESPECTÁCULO CABALO PURA RAZA GALEGO, PRESENTADO POR XACOBÓ PÉREZ PAZ
- III CONCURSO MONOGRÁFICO PROVINCIAL DE GALIÑA DE MOS

VISITE TAMÉN NESTA EDICIÓN...

- MERCADO ALIMENTARIO DE RAZAS AUTÓCTONAS
- MOSTRA DE ARTESANÍA
- EXPOSICIÓN DE MÁIS DE 100 CABEZAS DE GANDO
- XORNADAS TÉCNICAS ASOCIACIÓN GANDEIRAS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



DEPUTACIÓN DE LUGO



Concello de Lugo
Concellaría de Cultura, Turismo,
Espectáculos e Promoción da Lingua



Entrada
Gratuita

GASTROARTE

II FEIRA DE ARTESANÍA
E GASTRONOMÍA

Do 03 ao 12 de outubro
AVDA. RAMÓN FERREIRO

O Excmo. Concello de Lugo, a través da Concellaría de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, organiza a II Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán GASTROARTE co obxecto de recuperar o ambiente da feira tradicional que foi a orixe das famosas festas de San Froilán.

Horario:
0 días 03, 04, 05, 10, 11 e 12 de outubro de 11.00 a 00.00 h.

Os días 06, 07, 08 e 09 de outubro de 12.00 a 14.00 h. e de 17.00 a 23.00 h.



LUGO É MOITO MUNDO

Coñecer Lugo no San Froilán

As multitudinarias festas do San Froilán son as máis fermosas do outono galego, dixo Álvaro Cunqueiro no seu tempo. E non esaxeraba: en realidade, hoxe pódese dicir que son as máis fermosas de todas as estacións en Galicia.

O cinco de outubro San Froilán, o amigo dos lobos, é o pretexto para uns festexos nos que Lugo, sempre cidade aberta, é máis aberta ca nunca. Milleiros e milleiros de persoas acoden á vella cidade, non só dos arredores, non só de toda Galicia, senón de fóra dela, e moi especialmente de Asturias e León. O Domingo das Mozas, o seguinte ao día do Patrón, é un verdadeiro río de xente, que sempre parece que non cabe e sempre acaba cabendo.

E ademais as festas do San Froilán son unha das mellores ocasións para coñecer o Lugo monumental, concentrado no centro histórico, que do 4 ao 12 de outubro, vestido de festa, adquire un esplendor

especial, tinguido coa luz e coas cores do outono.

Unha visita á Oficina Municipal de Turismo e Centro de Interpretación da Muralla pode axudarnos a tirar máis proveito da nosa estadía. Ademais, a oficina e o centro están situadas nunha nobre casa da Praza do Campo, un dos lugares máis fermosos da cidade vella e centro neuráxico do Lugo gastronómico.

Imprescindible é o paseo polo adarve da muralla romana, Patrimonio da Humanidade, monumento único no mundo, pois é a única que en todo o territorio do Imperio conserva íntegro o seu perímetro. Un paseo de algo máis de dous quilómetros permite ver o centro histórico desde arriba e mesmo fantasiar con outros tempos, dicindo case coma Napoleón: “Viaxeiro, tes dous milenios aos teus pés”.

Outro dos gozos de Lugo é a visita á catedral, un gran



templo construído no tempo do románico e esencialmente románico e gótico, pero con partes renacentistas e barrocas de gran beleza e harmonía, entre as cales destaca a capela da Virxe dos Ollos Grandes, obra mestra do arquitecto compostelán Fernando de Casas Nóvoa, ou o altar maior coas bóvedas decoradas por impresionantes pinturas.

Non se debe perder tampouco a ocasión de visitar dúas xoias do gótico mendicante galego: a igrexa de San Domingos, do antigo convento dominicano, e a de San Pedro, do convento franciscano –esta aproveitando que hogano celebramos o oitavo centenario da peregrinación a

Compostela de san Francisco, que segundo é tradición pasou por Lugo e fundou el mesmo o primeiro convento lucense. E feliz casualidade: o día de san Francisco é precisamente o 4 de outubro, véspera de San Froilán.

A Praza Maior, rodeada de notables edificios de diversas épocas, ten na cabeceira a Casa do Concello, obra do arquitecto Lucas Ferro Caaveiro considerada unha das máis belas obras do barroco civil galego.

Pero á parte dos monumentos singulares, o Lugo histórico é un gozo de prazas e rúas que cómpre percorrer de vagar,

tendo en conta ademais –pero sen deixarse levar máis alá do que indica a prudencia– a densa presenza de tabernas, bares e restaurantes onde o bo viño e a boa gastronomía son lei. A Praza do Campo e a rúa do Miño que articulan o barrio medieval ou Burgo Vello. A longa e antiga Rúa Nova. A rúa de San Pedro e o Campo Castelo que coinciden co chamado Burgo Novo –tamén de orixe medieval–. A praza de Santa María, coa catedral e o pazo episcopal e coa súa piscina romana musealizada ao aire libre. E logo as partes máis modernas que se desenvolveron no século XIX: as rúas da Raíña e do Progreso, a praza de Santo Domingo, a rúa de San Marcos que agora é máis ben unha praza...

Aínda pode quedar un pouco de tempo para os museos. Por unha banda o Museo Provincial, tan variado, que inclúe o claustro románico e o refectorio e a cociña barrocas do vello convento dos franciscanos. A Domus do Mitreo, co seu singular templo de Mitra espectacularmente musealizado. A Casa dos Mosaicos ou Domus Oceani,

o que queda dunha rica mansión romana, con instalación audiovisual. O Centro Arqueolóxico de San Roque, con restos dunha necrópole romana. A Sala Porta Miñá, con numerosos testemuños arqueolóxicos do Lugo romano. O Museo Interactivo da Historia de Lugo, impresionante edificio vangardista soterrado no Parque da Milagrosa.

E baixando pola calzada romana da Vía XIX do Itinerario de Antonino, ou indo a pé feito, podemos visitar os restos das grandes termas romanas de Lugo, no actual Hotel Balneario, e a Ponte Vella, de orixe romana, magnificamente restaurada hai un ano, sobre o río Miño, represado polos vellos caneiros, decorrendo maxestoso e solemne entre carballeiras e bosques de ribeira.

E ao outro lado da Ponte Vella, o Barrio da Ponte, formado ao redor do antigo lazareto fundado xa na Idade Media, que conserva un grande edificio barroco que lle engade carácter monumental á súa beleza fluvial. Por aquí decorría e segue decorrendo o Camiño Primitivo de peregrinación



DOMUS
DO MITREO



PONTE
VELLA



a Santiago de Compostela, anterior ao Camiño Francés e recentemente declarado Patrimonio Mundial da Humanidade. O Barrio da Ponte, extraurbano pero fortemente vinculado á cidade, ben merece un paseo, porque Lugo é moito mundo e o Miño é moito río.

E non un só río. Ademais do Mera, o río dos muíños, á beira do cal hai unha ruta sinalada de sendeirismo, está o Rato ou Fervedeira, cun verdadeiro parque de varios quilómetros ás súas beiras, entre antigas carballeiras. Un magnífico paseo para unha mañá de lecer e sosego, cando a festa do San Froilán está ao mellor a medio gas e nos apetece un descanso bucólico do boureo urbano.



Quizabes entre a festa e os paseos pola cidade e os seus arredores non nos cheguen os días que traemos para o San Froilán. Pero podemos volver, e volveremos. Ao San Froilán polas festas e pola gastronomía, fundamentada especialmente nun prato mítico, o polbo ao estilo da feira, que podemos desfrutar tanto nos restaurantes clásicos coma nas grandes “casetas”, que son en realidade enormes e cómodos restaurantes que se montan durante todo o mes de outubro nas costas do parque, por baixo do parque Rosalía de Castro, outra das grandes belezas de Lugo. Polbo á feira e carne ao caldeiro son a comida tradicional dos sanfroilaneiros, pero hai moito máis, porque xa o di un vello lema: Para comer, Lugo.

MUSEOS MUNICIPAIS

Horarios durante o San Froilán

OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO. CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA (CIM)

Praza do Campo, 11

Luns, martes e mércores:

11.00 a 13.30 h.

e de 17.00 a 19.30 h.

De xoves a sábado:

11.00 a 19.30 h.

Domingo:

11.00 a 18.00 h.

CASA DOS MOSAICOS

Rúa Doutor Castro, 20-22

De luns a sábado:

11.00 a 13.30 h.

e de 16.00 h. a 19.30 h.

Domingo: 11.00 a 14.00 h.

CENTRO ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE

Rúa Emilia Pardo Bazán, s/n
(Xardíns de San Roque)

De xoves a sábado

e luns 05 e 12:

11.30 a 13.30 h.

e de 17.00 a 19.00 h.

Domingo: 11.30 a 13.30 h.

DOMUS DO MITREO

Praza Pío XII

(Vicerreitorado USC)

De xoves a sábado

e luns 05 e 12:

11.30 a 13.30 h.

e de 17.00 a 19.00 h.

Domingo: 11.30 a 13.30 h.

MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL)

Parque da Milagrosa

De martes a sábado

e luns 05 e 12:

11.00 a 13.00 h.

e de 17.00 a 20.00 h.

Domingo: 17.00 a 20.00 h.

SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ-LUGO ROMANO

Rúa do Carme, s/n

De xoves a sábado

e luns 05 e 12:

11.30 a 13.30 h.

e de 17.00 a 19.00 h.

Domingo: 11.30 a 13.30 h.

Teléfonos das casetas do polbo para reservas 2015:

Caseta de **TORRE DE NÚÑEZ**
Tel. 982 220 143

Caseta da **PALLOZA**
Tel. 609 201 481

Caseta de **AURORA**
Tel. 982 252 068

Caseta de **MANOLO DE MARCE**
Tel. 686 609 294

COMISIÓN DE FESTAS:

Lara Méndez López (PSOE)

Isabel Devesa Piñeiro (PP)

M^a Carmen Basadre Vázquez (PSOE)

M^a Cristina Pérez Herraes (Lugonovo)

José Manuel Díaz Grandío (PSOE)

M^a Olga Louzao Aldariz (Ciudadanos)

Encarna Amigo Díaz (PP)



Tareixa Ferreiro Tallón (BNG)

Antonio Ameijide Osorio (PP)

Carlos Anxo Portomeñe Pérez (ACE)

Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais, na web oficial do San Froilán:

www.sanfroilan.info

e nas redes sociais oficiais:  [fb.com/sanfroilan.info](https://www.facebook.com/sanfroilan.info)  [@sanfroilan15](https://twitter.com/sanfroilan15)

Busca a nosa App Lugo Turismo para estar ao tanto de todas as novas do San Froilán:



Tel. 982 297 350
para chamadas
desde fóra de Lugo



Consulta os nosos horarios e tarifas para San Froilán na nosa web: www.arriva.es

ALSA

25 % DE DESCONTO PARA VIAXAR A LUGO
DO 01 DE SETEMBRO AO 14 DE OUTUBRO.

Oferta vixente do 01 de setembro ao 14 de outubro de 2015

Código de compra: SFR15

+ info: www.alsa.es

Teléfonos de interese:

OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO

Praza do Campo, 11
27001 Lugo
Tel. 982 251 658
lugoturismo@concellodelugo.org

CONCELLO DE LUGO

Praza Maior, 1
27001 Lugo
Centraliña: 982 297 100
Tel. do cidadán: 010
(982 297 350 de fóra de Lugo)
010@concellodelugo.org
www.lugo.gal

OFICINA MUNICIPAL DE ATENCIÓN AO CONSUMIDOR

Ronda da Muralla, 197
27002 Lugo
Tel. 982 297 272

ESTACIÓN DE AUTOBUSES

Praza da Constitución, s/n
27002 Lugo
Tel. 982 223 985

ESTACIÓN DE FERROCARRIL

Praza do Conde Fontao, s/n
27003 Lugo
Tel. 902 240 202
www.renfe.es

RADIO-TAXI LUGO

Tel. 982 213 377

POLICÍA LOCAL

Rúa das Artes, 33-35
27002 Lugo
Tel. 092 / 982 297 110

* Puntos de atención ao cidadán na praza de Avilés e na Avda Ramón Ferreiro

PROTECCIÓN CIVIL

Rúa das Artes, 33-35
Edificio da Policía Municipal
27002 Lugo
Tel. 982 297 285

* Punto de atención ao cidadán na praza de Avilés

POLICÍA NACIONAL

Rúa Chantada, s/n
27004 Lugo
Tel. 091 / 982 265 118

PARQUE DE BOMBEIROS

Avda da Coruña, 240
Antigo Cuartel de Garabolos
27003 Lugo
Tel. 982 210 321

CRUZ VERMELLA

Avenida de Madrid, s/n
27002 Lugo
Tel. 982 231 613

GARDA CIVIL DE TRÁFICO: 062

URXENCIAS MÉDICAS: 061

EMERXENCIAS: 112

Recomendacións para a seguridade do público nas festas de San Froilán 2015:

- Nas atraccións mecánicas, siga as instrucións dos responsables e utilice correctamente os elementos de seguridade.
- Os menores deben ir da man, para evitar extravíos, e as persoas dependentes acompañadas en todo momento polos seus familiares e coidadores.
- Nos concertos hai que evitar subirse a marquesiñas, peches, estadas e mobiliario urbano co fin de evitar caídas ou lesións por cortes.
- Facer correcto uso dos servizos urinarios públicos ou privados. Teñen á súa disposición unha caseta para o cambio de cueiros dos seus bebés, na praza de Avilés.
- Nas sesións de fogos artificiais, respecte as distancias de seguridade e siga as instrucións do persoal de vixilancia (policía local, bombeiros, protección civil).



Concello de Lugo



XUNTA
DE GALICIA



Patrocinadores:



//ABANCA



Estrella Galicia



RIBEIRA SACRA

